



Memoria do Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Universidade da Coruña para a aplicación de descontos a estudantes da Universidade da Coruña en servizos públicos de transporte.

1.- A Universidade da Coruña e a Xunta de Galicia, mediante a entón denominada Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, asinaron con data do 18 de novembro de 2014 o *Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Universidade da Coruña para a aplicación de descontos a estudantes da Universidade da Coruña no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia*, co obxecto de potenciar a utilización do transporte público colectivo aplicando bonificacións adicionais respecto das tarifas vixentes no eido do Plan de Transporte Metropolitano da Coruña e de Ferrol ao alumnado da Universidade.

2.- De conformidade coa cláusula vixésima dito convenio foi obxecto de sucesivas prórrogas anuais previo acordo da Comisión de Seguimento, tendo a última delas vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

Toda vez que este convenio esgotou o prazo de duración máximo previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é preciso a sinatura dun novo Convenio ao obxecto de manter a liña de colaboración existente entre as partes asinantes co obxectivo final de garantir a continuidade das accións de promoción do transporte público colectivo.

3.- A Universidade da Coruña, asume en virtude do convenio o 100% das bonificacións aplicables ao alumnado que se establecen no dito convenio, para o que se prevé que anticipe o seu ingreso con base nunha estimación do custe anual previsto para o financiamento das devanditas bonificacións, inicialmente para o curso académico 2020-2021; e se fixan tamén as regras para o mantemento actualizado do crédito necesario para tal fin. Xa que logo, do presente convenio non se desprenden obrigas económicas directas para a Xunta de Galicia.

4.- A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 14.5 da Constitución española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano da administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á implantación de plans de fomento do transporte público.

5.- A UDC colabora no desenvolvemento, execución e control nas bolsas de axuda en materia de transporte para facilitar o acceso ao estudo do alumnado da universidade de acordo co establecido no artigo 45 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e no artigo 63 dos Estatutos da Universidade da Coruña (aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro).

6.- O presente Convenio de Colaboración constitúe o mecanismo mediante o que se instrumentaliza a liña de colaboración dirixida a facilitar a aplicación de descontos nas viaxes en transporte regular de viaxeiros a estudantes da Universidade da Coruña.

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Antón García Río

Conforme:

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra (*documento asinado dixitalmente*)

